

AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL

Nova fuxida da ONU cara a adiante?

As Nacións Unidas fixan novas metas globais após non atinxir as previstas na Axenda do Milenio



MAL BALANZO

Os obxectivos recollidos na Axenda do Milenio, 2000-2015, non se tornaron realidade. Moitos deles volven integrar a Axenda 2030.

ANTÓN MARTÍNEZ PUÑAL **TEXTO**
FOTO WEARECHANGE.ORG

Inclúen 17 obxectivos e 169 metas, moi xenéricas e voluntaristas, a conquistar durante os vindeiros quince anos.

O 8 de Setembro do 2000 foi aprobada pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas a Declaración do Milenio, á cal precederan catro Decenios das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (1960 a 2000). Nela aparecían recollidos 8 obxectivos. Os resultados foron moi parcos, tal como denota o feito de que arredor de 850 millóns de traballadores --e as súas familias-- vivan con menos de 2 dólares diarios, un emprego vulnerábel de máis do 46% do total e que o nivel de desemprego mundial atinxa arredor dun 6%, á súa vez con grandes desigualdades xeográficas. A estación de termo da Declaración do Milenio -- e de saída da Axenda 2030--, é desoladora: o 1% da poboación do mundo ten no 2016 a metade da riqueza mundial e, así mesmo, as 62 maiores fortunas do mundo acumulan a mesma riqueza que 3.600 millóns de persoas, é dicir que a metade máis pobre do planeta

Dado que apenas houbo avances na consecución das metas establecidas na Declaración do Milenio, a Asemblea Xeral da ONU veu aprobar, en Nova York, o 25 de Setembro do 2015, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostíbel. A axenda, a cal, en boa parte, renova cunha

especificación maior os Obxectivos da Declaración, contén 17 obxectivos e 169 metas, moi xenéricas e voluntaristas, a conquistar durante os vindeiros quince anos, que expostos de forma non literal son os seguintes: 1. Fin da pobreza; 2. Fame cero; 3. Saúde e benestar; 4. Educación de calidade; 5. Igualdade de xénero; 6. Auga limpa e saneamento; 7. Enerxía accesíbel e non contaminante; 8. Traballo decente e crecemento económico; 9. Industria, innovación e infraestrutura; 10. Redución das desigualdades; 11. Cidades e comunidades sostíbeis; 12. Produción e consumo responsábeis; 13. Acción polo clima; 14. Vida submarina; 15. Vida de ecosistemas terrestres; 16. Paz, xustiza e institucións sólidas; 17. Alianzas para lograr os obxectivos.

Unha axenda viábel ou un novo espellismo?

Poderíamos dicir que o crecemento económico, a inclusión social e a protección do medio ambiente son os eixos da ambiciosa Axenda 2030. Destacaremos dela algúns aspectos positivos e outros negativos. De entre os primeiros: a) o entendemento integrado do desenvolvemento e do medio ambiente; b) a universalidade dos obxectivos,

a ser logrados por todos os países. Entre os negativos: a) a non abordaxe de aspectos esenciais do financiamento, reclamados pola sociedade civil, como o compromiso co 0,7% dos orzamentos nacionais, as novas fontes de financiamento e o final dos paraísos fiscais; b) o fráxil nivel de compromisos, ao cabo voluntarios, dos Estados, prexudicando así a súa universalidade; c) a

A realización da axenda esixe debates e cambios moi profundos

persistencia dun modelo de desenvolvemento baseado preferentemente no criterio económico, cando sería necesario atopar un equilibrio entre as tres dimensións --económica, social e ambiental-- precisas para un desenvolvemento sostíbel; d) a falla de previsións en materia de financiamento; e) a indefinición dos procesos de control da actuación dos gobernos e do sector privado, máis aló do Foro Político de Alto Nivel sobre o Desenvolvemento Sostíbel que a ONU organizará de forma anual, co gallo de facer un balanço dos progresos a

nivel mundial, identificando deficiencias, cuestións emerxentes e recomendando medidas correctoras.

Nestas condicións, a aprobación dos novos Obxectivos para un Desenvolvemento Sostíbel non trae consigo motivos para un excesivo optimismo. A realización da axenda esixe debates e cambios moi profundos. E aínda máis, entendo que, no marco da crecente interdependencia e debilidade dos Estados, resulta impensábel ir dun xeito decidido cara a unha Nova Orde Política-Económica Internacional máis xusta e solidaria, cunha ONU cualitativa e cuantitativamente máis forte, a cal debería ser instrumentada, a impulsos dunha crecente sociedade civil internacional, como unha estrutura administrativa internacional dotada das notas, especificidades e poderes reais dun lexislativo, un goberno e un tribunal a escala universal. Todo iso ao obxecto de que, co debido respecto ao principio da subsidiariedade en favor dos Estados e das súas entidades, puidese defender, mediante solucións de natureza global transfronteiriza, o ben común da Humanidade e non só, como vén facendo as máis das veces, os intereses das grandes potencias mundiais.